

Reunido o pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva o 19 de decembro de 2022 adopta o seguinte acordo, que resolve o expediente 234-22.

Expediente electoral 234/2022

ANTECEDENTES

ANTECEDENTES

I. O 09.11.2022, Dona Beatriz Pereira Lama, presenta con entrada no rexistro do Comité Galego de Xustiza Deportiva (CGXD) o 15.11.2022 e núm. 361, recurso contra o acordo da xunta electoral (no sucesivo XE) da federación galega de tiro olímpico (en adiante FEGATO) recollido na acta 10/2022 do 7 de novembro de 2022 de proclamación provisional de membros da comisión delegada (CD) polo terzo de outros estamentos.

A recorrente basea o seu recurso nas seguintes alegacións:

Primeira: A recorrente presentou a súa candidatura a membro da CD polo estamento de deportistas, sendo proclamada candidata na Acta da XE do 03.11.2022.

Segunda: Durante a celebración da Asemblea Xeral do 5 de novembro de 2022 para a elección de Presidente e membros da Comisión Delegada, prantéxase unha controversia relativa á forma de votación e elección dos membros da CD polo terzo correspondente a "outros estamentos". A mesa electoral decide que se vota e elixe un representante na CD polos deportistas, un polos árbitros e un polos técnicos. Como resultado de dita decisión resulta proclamado electo polo estamento dos árbitros José Manuel Arias Vázquez directamente sen necesidade de realizar votación xa que era o único candidato polo estamento de árbitros.

Terceira: A citada decisión da mesa electoral supón unha vulneración do establecido nos artigo 18 e 25.2 do regulamento electoral da FEGATO e no artigo 48.3 do Decreto 16/2018 e que prexudica á recorrente como candidata.

Cuarta: A decisión adoptada pola mesa electoral vulnera o disposto no regulamento electoral e, consecuentemente, o dereito de ser elixida a recorrente, xa que outorga aos tres estamentos o mesmo porcentaxe de representación e limita o dereito dos candidatos do estamento de deportistas a ser elixidos.

Alega por último que no proceso electoral anterior o terzo correspondente a outros estamentos se votou de forma conxunta e non coa compartimentación acordada no presente proceso electoral e achega co recurso dúas actas do anterior proceso electoral. E que a acta da XE do 3 de novembro de 2022 ao proclamar aos candidatos a membros da CD o fai de xeito conxunto: por un lado clubs e por outro lado outros estamentos onde se inclúen todos os candidatos sen distinción, tampouco, entre estamentos.



A recorrente peticiona que se anule a acta da mesa electoral do 5 de novembro de 2022 e a acta da XE do 07.11.2022 pola que se proclama provisionalmente a composición da Comisión Delegada no terzo de outros estamentos, e que se proceda a realizar unha nova votación en dito terzo, que atenda aos criterios de proporcionalidade que establecen os artigos 25.2 do regulamento electoral da FEGATO e 48.3 do Decreto 16/2018.

II. O pleno do CGXD, na súa reunión do 25 de novembro 2022 admitiu a trámite o recurso designando relator a don Jorge Barros de la Peña.

III. O 17 de novembro de 2022 a XE da FEGATO remite o informe solicitado nos seguintes termos:

"PRIMERO.- El pasado día 5 de noviembre se constituyó la asamblea de la Federación Galega de Tiro Olímpico en los términos de la previa convocatoria de fecha 24 de octubre efectuada Presidenta de la Junta Electoral y según orden del día publicado en tiempo y forma.

Del citado orden del día se procedió, en primer lugar, a la constitución de la mesa electoral con sus integrantes previamente designados por sorteo.

Posteriormente se procedió a la elección del Presidente y los miembros de la Comisión Delegada.

El contenido y desarrollo de la citada Asamblea quedó reflejado en las actas de votaciones y acta de la mesa electoral que se acompañan con el presente informe y se tienen por reproducidas a los efectos del mismo.

Estas actas han sido objeto de publicación en la web federativa.

SEGUNDO.- De las citadas actas sí señalar que el apartado de alegaciones y/o impugnaciones al desarrollo de la asamblea quedó desierto pues ninguno de los asistentes formuló objeción alguna a la misma pese al llamamiento efectuado en ese sentido por la propia mesa electoral.

TERCERO.- Recibidas por esta Junta Electoral los resultados de las votaciones a la Presidencia y a la Comisión Delegada se procedió a la proclamación provisional del Presidente y de la Comisión Delegada por acta de fecha 7 de noviembre que también se acompaña.

Asimismo se inició plazo de recurso ante el CGXD por término de 3 días.

Por la Sra. Pereira Lamas se interpone recurso en tiempo y forma solicitando el CGXD la emisión del presente informe.

Alega la recurrente vulneración del reglamento electoral en relación con la proclamación de los integrantes de la Comisión Delegada correspondiente al tercio de otros estamentos que refiere tanto el artículo 25.2 del citado reglamento como el artículo 48 del Decreto 16/2018 regulador de los procedimientos electorales de las federaciones deportivas galegas. Añade exceso de representación en relación con el estamento arbitral.

CUARTO.- En relación con el contenido del citado recurso esta Junta Electoral manifiesta que su resolución compete al CGXD y, por tanto, solo puede remitirse al contenido de las actas que se acompañan con el presente informe asumiéndolas en su integridad porque nos encontrábamos como observadores en la citada Asamblea.

Por ello en relación con el recurso interpuesto señalar:

No se discute el contenido normativo de los citados artículos del reglamento electoral y Decreto nº 16/2018 de la Xunta que señalan que los 3 miembros se elijan por y entre los



miembros (electores) de cada estamento en proporción a su respectiva representación en la Asamblea General.

Tampoco se discute la proporcionalidad en la representación de los distintos estamentos integrantes de la Asamblea General.

También es cierto que la posición de esta Junta Electoral durante las votaciones a la Comisión Delegada, previa deliberación (sin acuerdo) con los miembros de la mesa electoral y candidatos a la Presidencia, fue la de cumplir con el reglamento y, en primer lugar, llamar a votación por separado al estamento de deportistas para que votasen a los candidatos deportistas, en segundo lugar, a los técnicos para que votasen a los candidatos del estamento de técnicos y, finalmente, en el mismo sentido a los árbitros tal y como disponen los arts. 25 y 48 del Reglamento Electoral y Decreto 16/2018.

En relación con el requisito en proporción a su respectiva representación en la asamblea general la Junta Electoral mantuvo el criterio que siendo elegibles solo 3 miembros por el resto de estamentos esa proporcionalidad no podía resolverse, salvo error, matemáticamente e imponiéndose el criterio de estar representados en un órgano delegado de la Asamblea General todos los estamentos de la propia Asamblea."

IV. Foi relator o vogal D. Jorge Barros de la Peña

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

PRIMEIRO. Competencia e procedemento.

O artigo 87 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, contempla entre as materias ás que se estende a xurisdición deportiva todas aquelas cuestiós que se poidan suscitar no denominado ámbito electoral. O artigo 88 da devandita Lei establece que no ámbito electoral a xurisdición deportiva comprende o coñecemento e resolución dos recursos que se formulen contra as decisións que se adopten nos procesos electorais das federacións deportivas.

Asemade, o exercicio da xurisdición deportiva no ámbito electoral corresponde ás xuntas electorais das federacións deportivas e ao Comité Galego de Xustiza Deportiva de conformidade con sinalado na Lei do Deporte de Galicia, nos seus regulamentos de desenvolvemento e nos estatutos e regulamentos federativos.

No que se refire a este Comité o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, cando regula os recursos que caben fronte as resolucións que se adopten ao longo dun proceso electoral, dispón no seu artigo 51.5 que o Comité coñecerá, **en última instancia administrativa**, dos recursos que se interpoñan contra o acordo de convocatoria das eleccións, o calendario electoral, a composición da xunta electoral, o censo electoral provisional e definitivo, **as resolución das comisións xestoras e xuntas electorais** e restantes cuestiós previstas no decreto.

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA
DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela

De conformidade co exposto, este Comité é competente para coñecer deste recurso no que respecta á anulación do acordo da XE, segundo da acta do 07.11.2022, polo que se proclama provisionalmente a composición da Comisión Delegada no terzo de "outros estamentos" pero non é competente para coñecer e resolver sobre a petición da anulación da acta da mesa electoral do 5 de novembro de 2022 pois este Comité conforme ao disposto no devandito artigo 51.5 non coñece de recursos contra as actas, acordos ou resolucións das mesas electorais senon únicamente das actas acordos ou resolucións das xuntas electorais e comisións xestoras.

SEGUNDO. Lexitimación.

A recorrente Doña Batriz Pereira Lama como candidata a membro da CD polo estamento de deportistas da FEGATO está lexitimada para interpoñer o presente recurso.

TERCEIRO. Temporalidade do recurso.

O prazo para a interposición do presente recurso é de tres días contados desde o seguinte ao da notificación da resolución obxecto de recurso. A resolución recorrida da XE da FEGATO é de 7 de novembro e o recurso foi presentado o 9 de novembro polo que o recurso debe entenderse interpuesto en prazo.

CUARTO. Obxecto e pretensiós do recurso.

O obxecto do recurso é a anulación da votación a membros da CD polo terzo de "outros estamentos" (deportistas, árbitros e técnicos) e a súa repetición.

QUINTO. Consideracións do Comité.

A recorrente basea o seu recurso contra o acordo segundo da acta da XE do 07.11.2022 pola que se proclama provisionalmente a composición da Comisión Delegada no terzo de outros estamentos en que o acordo recorrido outorga aos tres estamentos (deportistas, técnicos e árbitros) a mesma representación na CD o que limita o dereito dos candidatos do estamento de deportistas a ser elixidos pois a súa representación na asemblea xeral e o triple que a representación dos técnicos ou dos árbitros. Os deportistas están representados na asemblea xeral da FEGATO por 9 asambleístas mentres que o estamento de técnicos está representado por 3; os mesmos que o estamento de árbitros.

Dona Batriz Pereira Lama na alegación terceira do seu recurso argumenta que: a citada decisión da mesa electoral supón unha vulneración do establecido nos artigo 18 e 25.2 do regulamento electoral da FEGATO e no artigo 48.3 do Decreto 16/2018 e que prexudica á recorrente como candidata.

Sen embargo, a recorrente non manifestou na propia asemblea na que participou a súa oposición á decisión da mesa electoral do xeito de votación e elección dos representantes na CD que ían elixir cada un dos estamentos no terzo de "outros estamentos"; Oposición que



non se fixo como se deduce do punto terceiro da acta n.º 1/2022 do 5 de novembro de 2022 da mesa electoral: "*No consta alegación alguna de los asistentes al desarrollo de la asamblea que se quiera hacer constar en acta dando por concluida la misma siendo las 20.15 horas*". E tampouco consta que presentara recurso ante a XE da FEGATO contra a acta 1/2022 da mesa electoral. Polo que a votación e elección dos membros da CD da FEGATO, obxecto de presente controversia, converteuse por todos en un acto consentido e firme que como tal non pode ser revisado por este Comité.

En virtude de todo o exposto,

O PLENO DO COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA, por unanimidade, **ACORDA**

1.- Desestimar o recurso formulado por dona Beatriz Pereira Lamas contra a acta n.º 1/2022 do 5 de novembro de 2022 da mesa electoral da asemblea xeral da FEGATO do 5 de novembro de 2022.

2. Desestimar o recurso formulado por dona Beatriz Pereira Lamas contra o acordo incluído na acta n.º 10/2022 da XE da FEGATO do 7 de novembro de 2022, de proclamación provisional dos integrantes da Comisión Delgada no terzo de outros estamentos.

RECURSOS

Contra o presente acordo non cabe recurso administrativo algúin (artigo 63.7 Decreto 120/2013), se ben poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Teresa Carrera Babarro, secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

CERTIFICA

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o dia 19 de decembro de 2022 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifíco a Vd. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

